

tirse», e este é o ambiente, a *performance* como sinala o prologuista Anxo Fernández Ocampo, que Ofelia, Xoán, Antonio e Mercedes lograron que recreasen os seus informantes, facéndoos así cómplices do libro, conscientes do valor da súa tarefa para recuperaren a memoria, a heranza dos devanceiros e a recordo dos días que non volverán.

O libro está estructurado en tres partes, Lendas, Contos e Romances.

A primeira parte está dedicada, ademais de conter lendas topónimicas e de temática relixiosa, ó universo máxico de mouros, mouras, encantos, trasnos, agoiros, ánimas e nubeiros que poboaban –e gracias a *Polavila*, ánda poboarán– os montes e camiños, as casas e cerebros, da Pontenova. É perceptible neste apartado a degradación da tradición oral, con testemuños más ben breves, aportados case sempre por xente de avanzada idade.

Os autores engaden no seu capítulo de contos un capítulo dedicado a chistes e anécdotas de personaxes locais (lebrémo-lo episodio do requeté ou as saborosas historias de Tomásín), Enriquecendo desta maneira o xa clásico corpus de contos de animais, listos e parvos, cregos, mulleres, contos de fórmula... Cómpre sinalar que a recolleita de contos na provincia ten un precedente, falamos de *Contos populares da provincia de Lugo*. Centro de Estudios Fingoy. Galaxia, Vigo, 1963; ainda que só se incluíu unha narración procedente da Pontenova.

A derradeira parte compõe de romances vellos (coma os de Santa Inés, a Amante Gallarda, o Conde Preso, a Voda Estorbada ou a Doncela Guerreira) a carón doutras variantes do xénero, estas xa modernas, nas que atopamos cantares e coplas de crimes e amores desgraciados, ou composicións humorísticas. Salientemos aquí que estes últimos (o conxunto que poderíamos denominar «romances novos») parece gozar de maior vitalidade, reflectida no elevado número deles que recolleu o equipo «Chaira».

Cada lenda, conto ou cantar inclúe os datos persoais do informante, o lugar de recollida e unha breve cita bibliográfica, facendo así más doada a busca de paralelismos e a investigación no eido etnográfico.

Como pode observarse, *Polavila na Pontenova* constitúe un auténtico exercicio de amor pola tradición, e un intento de preserva-lo que nos é más próximo. O apoio tanto da Corporación Municipal da Pontenova coma da Deputación de Lugo supón un paso adiante na recuperación do patrimonio, un exemplo que agardamos que sigan outros concellos, e que é digno de recoñecemento tamén desde estas liñas. Non podemos esquecer o papel fundamental dos informantes, como se di no libro, a eles, orixe e fin do proxecto, vai dedicado o traballo.

Antes de concluírmos debemos sinalar que Antonio Reigosa e Xoán Cuba tamén traballan na colección

*Cabalo buligán* da editorial Xerais (dedicada ós contos da tradición oral de Galicia, onde levan publicados ata o de agora catro volumes titulados *Contos marabillosos*) e que son coautores xunto con Xosé Miranda do fermoso *Diccionario dos seres miticos galegos*, Xerais, Vigo, 1999, unha obra ilustrada na que ademais dos clásicos da etnografía galega (Risco, os Carré Alvarellós, Antón Fraguas, González Reboredo...) están moi presentes os traballos emprendidos polo grupo «Chaira» con lendas e supersticións propias da provincia de Lugo, un territorio que presenta moitas lagoas nos grandes estudos do pasado, e que agora, gracias ó pulo de *Polavila* e o *Diccionario* parece que comeza a enhelas.

Recomendamos encarecidamente a lectura destes títulos a tódolos interesados na cultura tradicional galega, no convencemento de que lles abrirá novos camiños, e taimén nos atrevemos a suxerirllles que sigan o seu exemplo e procedan a recoller e poñer por escrito estes bens inmateriais.

Só nos resta dárille-los parabéns ós catro autores, animaos no seu labor, e agardar que moi cedo poidamos gozar con novas lecturas dos seus traballos.

JOSÉ LUIS GARROSA GUDÉ

MATILDE ALBERT ROBATO (coor.), *La Torre*.

*Revista de la Universidad de Puerto Rico. Literatura gallega*, terceira época, nº 10. San Juan de Puerto Rico, Editorial de la Universidad de Puerto Rico, 1998, 946 pp.

O décimo número da terceira época da prestixiosa revista portorriqueña *La Torre* está dedicado á literatura galega. A introducción corre a cargo da coordinadora do volume, Matilde Albert Robatto, quen lembra a vinculación histórica entre galegos e portorriqueños a través da emigración e a xenerosidade da Universidade de Puerto Rico cara ós exiliados da guerra civil o que propiciou un intercambio cultural. Sinala tamén o intrexe compartido pola cultura galega do que o presente monográfico é unha mostra. Cerra os preliminares Fernando Amarello de Castro, quen baixo o título «A favor de una cultura universal» fala da importancia de promover las diferentes culturas.

O corpo do monográfico ten unha estrutura tripartita: a primeira sección recolle os estudios sobre algúns galegos culturalmente destacados; inmediatamente despois está a sección de inéditos na que se publican unha serie de cartas de Ramón Piñeiro a Matilde Albert coa reproducción dos orixinais; cerran a revista as recensions dos libros *Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán: afinidades y contrates* de Matilde Albert Robatto, *Acometida Atlántica (Por un comparatismo integral)* de

Claudio Rodríguez Fer, e, finalmente, das actas das *Jornadas de Cooperación: Galicia y Puerto Rico*, celebradas na Universidade de Santiago de Compostela.

José Amor y Vázquez é o encargado de abrir a primeira sección deste monográfico co artigo «Recuperación: Juan Jacinto R. Calderón, escritor gallego e impresor en el Puerto Rico de principios del XIX». Nel se da conta da importancia cultural do escritor, cultivador de distintos xéneros, e sinálase como antecesor dos costumistas decimonónicos, ademais de ser fundador dunha vila na illa e, probablemente, o introductor da imprenta en Puerto Rico.

Nas relacións existentes entre Galicia e Hispanoamérica a través da cultura tamén se centra o artigo de Rosario Portela, «Valentín Paz-Andrade». Este poeta, periodista, avogado, empresario e político foi, por riba de todo, servidor do seu país ó pretender tender unha ponte entre a Galicia de dentro e a de fóra. A súa obra fundamental, *Galicia como tarea* (1959), foi publicada en Buenos Aires. Destaca tamén un importante e nutritivo epistolario que deixou con cartas de Blanco Amor, Castelao, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, etc. Un apéndice con algúns versos e fotografías de Paz-Andrade cerra o artigo.

Neste monográfico dedicado á literatura galega, Rosalía de Castro é o centro de tres artigos e nun cuarto comparte protagonismo con outras escritoras galegas. O primeiro é de Olga I. Rivera, «Rosalía de Castro frente a los discursos y las prácticas sentimentales mediatisadas de su época». A análise se centra nas novelas *La hija del mar*, *Flavio* e *El primer loco*, cualificadas de románticas, e nas que se estuda o conflicto amoroso. Na primeira, Rosalía presenta ás protagonistas como vítimas, reflexo da opresión e servidume feminina herdada de factores histórico-sociais como a hexemonía do poder masculino. Pero en *Flavio*, a protagonista, Mara, se confronta ás crenzas oficiais da época que limitan a actividade literaria ó home e, por outra banda, subscribe o compañerismo como relación idónea entre os sexos. Mara e o protagonista de *El primer loco* reivindican o carácter cualitativo dos sentimientos amorosos fronte as súas parellas nos que vencen os valores cuantitativos predominantes na burguesía.

Judith Morales reivindica o feminismo rosaliano no seu artigo «Rosalía: revolucionaria y feminista» no que afirma que Rosalía posuía unha personalidade revolucionaria que amosa agachada tralos seus personaxes: desexo de cambio, liberdade... pero tamén solidariedade coa dor humana que a leva a denunciar as inxustizas, como a condición social da muller. Murguía, presentouna como a voz portadora da emancipación de Galicia, pero tamén limitou á muller ó ámbito do fogar. Morales conclúe afirmando acertadamente que o feminismo rosaliano foi a base do cambio das xeracións posteriores.

Lilliana Ramos Collado é a autora do terceiro artigo «De espaldas al deseo en las orillas del Sar. Una lectura de Rosalía de Castro» no que se comparan Bécquer e Rosalía. Na obra do primeiro a muller aparece como obxecto poético. Rosalía transfórmase en suxeito poético *En las orillas del Sar*, onde a muller non se conforma con quedarse na prisión de si mesma e, mentres unha parte dela permanece soñando na fiestra, a outra deambula triste por desertos e abismos; son dúas voces, unha feminina e outra masculina, respectivamente. O suxeito poético feminino violaba, así, a lei do xénero sexual. A investigadora aventura a posibilidade simbólica de que o «furor uterino» da nai e a transgresión do hime foran a causa do cancro de útero de Rosalía ou, cando menos, que ela así o puido entender, orixinando a proposta da transformación da muller en estatua, 'o hime de pedra', como alternativa que imposibilita á contaminación dos sexos controlada dende a masculinidade.

Ademais de Rosalía hai outras catro escritoras ás que se lle dedican outros tantos artigos; «Diálogo epistolar entre Emilia Pardo Bazán y Juan Montalvo» é un deles e a súa autora, Adna Rosa Rodríguez, sinala a importancia deste epistolario facendo unha serie de consideracións sobre os interlocutores. A condesa coñece a Montalvo, célebre autor ecuatoriano da segunda mitade do XIX, en París, onde estaba desterrado. Nas cartas destaca o tema da autocritica das obras e da admiración mutua; Montalvo fai unha crítica favorable sobre *Los pazos de Ulloa* e Pardo Bazán se interesa por *La Mercurial eclesiástica* ademáis de solicitar información sobre a literatura hispanoamericana, declarándose tamén introductora do naturalismo en España e sinala as diferencias co de Zola.

Angel Manuel Aguirre amosa a impresionante traxectoria doutra galega a través do seu artigo «Sofía Casanova, la primera mujer gallega nominada para el premio Nobel de Literatura». Aguirre fai un percorrido pola vida e obra de Sofía Casanova e deixa que o lector saque as súas propias conclusións. Esta muller excepcional foi admirada por Campoamor, quen lle presentou ós escritores da época. Publicará varias obras en prosa e en verso, aínda que o máis salientable quizás sexa o seu labor como primeira xornalista correspondente de guerra para o diario *ABC* na Primeira Guerra Mundial e, posteriormente, como testemuña da Revolución rusa que rexistrará nos artigos que envía clandestinamente. Morreu prisioneira da «Cortina de Hierro» trala ocupación nazi de Polonia, sen posesións, cega e esquecida.

Aurora López no seu artigo «Leyendo a Luz Pozo Garza» achega ó lector as obras da poetisa *Concerto de outono* e *Prometo a flor de loto* que reflicten dous momentos vitais da súa vida. Estúdianse as implicacións musicais da primeira das obras con referencias de Bach, das cantigas medievais e de *As catro estacións* de Vivaldi. Luz Pozo sente a música a través da poesía, na que xoga co

amor, a natureza e a paixón. En *Prometo a flor de loto*, despois da morte de Eduardo Moreiras, a música serve de guía para o canto á separación e a morte se converte na espera do reencontro. Este artigo conta nun apéndice cun pentagrama da canción «Cecáis mañá» con letra de Luz Pozo, música de Aurora López e arranxos de Teresa Luján.

Carmen Blanco cerra os artigos dedicados á muller con «Sobre la belleza en la poesía gallega de mujeres: cuerpos, mentes, bellas y bestias» a través das obras de catro escritoras galegas. Rosalía de Castro se interna nas personalidades das mozas galegas de estética autóctona tradicionais e denuncia os imperativos sociais que marcan o paso dos anos nas mulleres negativamente. Un mundo poboado de mulleres telúricas e mariñas que rompen tódolos cánones de beleza é o de Xohana Torres, quen fala de vellas inmensas, encarnación da forza e enerxía feminina, e de fermosas mulleres-balea representantes dos deseños más básicos. Mientras, Luísa Castro ispe o corpo feminino como emblema de liberdade e narra as experiencias de nenas andróxinas e rebeldes que empregan a intelixencia como arma. Finalmente, Olga Novo, presenta na súa obra mozas máis vitais, cun desexo bestial de vivir a través da paixón e do sexo, na procura da plenitude da existencia, o que fai a súa poesía rupturista, materialista e sensual.

Sofía Irene Cardona propón o estudio da «Utopía en las guerras de Valle-Inclán» e detecta unha politicización e modificación da linguaxe artística ata o esperpento na súa traxectoria literaria. Nesta evolución hai unha reflexión sobre o mundo real que se traduce en conexions entre o discurso irónico e o pensamento utópico. Por exemplo, en *Las guerras carlistas* intenta provocar no lector unha experiencia próxima ó narrar historias de aspiracións e fracasos, xa que a guerra se presenta como oportunidade do cambio para un grupo social, pero cando só se move por interés persoal perde o seu poder transformador e se converte nunha utopía condenada ó fracaso.

O artigo de J. Bernardo Pérez ten como centro outro escritor en lingua castelá, «El (sin) sentido del humor de Torrente Ballester en *La saga/fuga de J. B.*». O investigador afirma que Torrente concibe a realidade como algo contradictorio empregando o humor e a imaxinación para relativizar a suposta posesión da verdade e, deste xeito, paradoxicamente, ofrece unha panorámica más ampla da mesma. Torrente parte de que a realidade sempre ten dúas caras, isto fai que aparezan elementos fantásticos na rexión realista do mundo narrado, é unha contaminación irónica entre realidade e fantasía, onde a lóxica e o disparate se mesturan en situacións e personaxes.

A lingua galega é adoptada por moitos escritores para a creación literaria. Antonio Carreño, no artigo titulado «Antropología de un espacio cultural: *A esmorga*, de

Eduardo Blanco Amor», apunta que o escritor é o mediador dunha heranza cultural entre texto e contexto. O autor reconstrúe unha lingua, o galego, o narrador uns feitos e o xuiz dicta autoritariamente. Blanco Amor agáchase tralo protagonista e percorre as rúas e tabernas de Auria nunha esmorga literaria. Auria representa o empuxo de dúas forzas: dende o centro á marxe e do xulgado á taberna. A novela é a metáfora da Galicia de posguerra onde o desencanto proporciona unha visión espiralética.

Ana María Spitzmesser no seu artigo «Utopía y distopía: el mundo mágico de Alvaro Cunqueiro» analiza os relatos do autor como fantasías con valor moral e estético que os converte en utopías. As cunquerianas se afastan do concepto clásico xa que non presentan un mundo feliz, senón zonas históricas reais transformadas e individualizadas pola subxectividade autorial que critican a estructura autoritaria a través da ironía e o parádigma do grotesco. En *El año del cometa* a utopía adquiere tinguiduras distópicas pola constante presencia do lado negativo da natureza humana de carácter apocalíptico. Cunqueiro alcanza a utopía a través da maxia e os soños; o abandono deste territorio produce as desconcertantes fins das súas ficcions.

«Algunas claves para leer los versos gallegos de Eduardo Moreiras» é o título do traballo de Andrés Pociña, quen sinala que a obra do poeta en galego é pouca e moita dela inédita e que Galicia ten unha débeda con Moreiras no tocante ó recoñecemento, aínda que admite que a súa poesía resulta difícil e mesmo hermética. Tras un percorrido polas diferentes opiniós dalgúns críticos e escritores famosos sobre a poesía de Moreiras, hai unha petición de reedición das súas obras e unha análise dalgúns poemarios, como *A realidad esencial*, onde se rastrexa o amor entre o poeta e Luz Pozo, clave de toda a poética en galego do escritor.

Olga Novo achéganos ó escritor «Claudio Rodríguez Fer: el universalismo de la periferia». A referencia constante da periferia celta que é Galicia, con castros que, como en *Historia da lúa*, son lugares míticos de encontro amoroso onde o ritual máxico é posible a través do erotismo, non impiden a Rodríguez Fer a creación do seu propio universo mítico ó se situar á marxe da verdade histórica. Nel os amantes camiñan cara o descoñecido a través da carne e do espacio compartido nunha viaxe sen fin con orixe nun nomadismo ancestral que fomenta a integración das máis diversas tradicións literarias e culturais. O poeta fai posible a unión do ancestral mundo celta bañado por unha lúa nómada, feminina e sensual, coas luces de néon dunha cidade como New York que se sostén sobre o palpitar das tribos ancestrais agachadas nos suburbios.

Este monográfico de *La Torre* supón unha colaboración entre moi diversos investigadores con un obxectivo

común, o estudio de escritores galegos a través das súas obras. Os vínculos que se crean a través destes proxectos teñen como finalidade estreitar lazos entre dousas culturas distantes e, sen embargo, próximas que abren novas perspectivas interpretativas.

Mª SARA FERNÁNDEZ

MARÍA GORETTI FARIÑA, *Nai e mais ninguén*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, 2000, 49 pp.

La colección Libros da Frouma, dirigida por Luis Alonso Girgado, edita los libros ganadores en el Certamen de Poesía Rosalía de Castro, organizado por la Casa de Galicia en Córdoba. En la X edición del Certamen, correspondiente al año 2000, la ganadora ha sido María Goretti Fariña Caamaño, con el libro *Nai e mais ninguén*. Nacida a mediados de los años sesenta en San Xoán de Baión (Vilanova de Arousa), María Goretti Fariña no pertenece por formación al ámbito literario, es bióloga de profesión y combina el trabajo de profesora en un centro de enseñanza media con el de guionista en una empresa videográfica especializada en la divulgación de temas ecológicos. Sin embargo no es una autora desconocida: en los últimos cinco años ha ganado los premios de poesía de Marín, Begonte, Villalba, Mos y Viveiro.

*Nai e mais ninguén*, el poemario que le ha valido el primer premio del Certamen de Poesía Rosalía de Castro, fue concebido a lo largo de los tres últimos años. No sin propiedad recurrimos al término «concebido», pues en estos versos María Goretti nos ofrece una reflexión sobre la maternidad. Todos los poemas de la obra, treinta y nueve en total, están dedicados a su hija, Rosa Catarina. Cada uno de ellos lleva por título una única palabra, ordenadas alfabéticamente. Dicha ordenación alfabética sitúa los poemas de forma absolutamente arbitraria, sin embargo esto en nada afecta a la inteligibilidad del conjunto, pues pese a ser una obra unitaria temáticamente, no tiene una estructura narrativa. Es el tema –la maternidad o, más exactamente, las relaciones entre madre e hija– el único nexo de unión entre los poemas.

La de María Goretti Fariña no es una maternidad gozosa. No es la maternidad de la embarazada o de la madre primeriza que experimenta el prodigo de ver renovarse la vida. Tampoco tiene la alegría espontánea que producen los primeros años de vida del niño. Al contrario, es una maternidad reflexiva, resignada a su propia desaparición. La maternidad que, con la madurez del hijo, siente deshacerse los lazos que la unían a éste.

María Goretti no idealiza (afortunadamente, pues es fácil caer en la idealización al poetizar la maternidad).

Pero nuestra autora no la canta: reflexiona sobre ella. Reflexiona sobre las relaciones interpersonales, de ordinario conflictivas, y más conflictivas aún en el caso del vínculo entre madre e hija, que puede llegar a convertirse en una relación de amor-odio: *Son quen, por ser quen é, mais te envelena*. (p.11)

Uno de los ejes centrales del libro es la relación de dependencia que se establece entre madre e hija. Una dependencia mutua, que subvierte incluso los patrones de comportamiento tradicionales: no es la hija la indefensa, no es la hija la que necesita a la madre. Por el contrario, es la madre, en teoría la protectora, la experimentada, quien, paradójicamente, necesita de la hija:

*A cuestión non é que me pidas axuda  
para lle dar remate ós teus deberes;  
a cuestión é que eu cha pida a ti  
para principiar os meus por non sei onde.* (p.27)

Pero la madre también reconoce que el amor puede convertirse en una jaula, en algo que atrapa, que nos priva de la libertad, aunque no siempre lo advirtamos: *Mira, filla, quizás tanta tenrura / non che é mais que un cepo que te acerrolla.* (p.21)

Por eso, proteger sin asfixiar es uno de los deseos primordiales de la madre. Mas debe esforzarse por conseguirlo, es algo que no se logra fácilmente. A veces la madre es un árbol, como en el poema que lleva dicho nombre: un árbol que protege de la lluvia con su ramaje, pero cuando deja de llover es él quien moja a su vez, esparciendo las gotas que quedan en sus hojas.

Uno de los sentimientos más fuertemente presentes en el libro es la tristeza. La voz lírica siente tristeza por la pérdida de la infancia, no de la propia infancia, sino la de su hija. Tristeza por la pérdida del tiempo en que aquella aún la necesitaba: *xa nunca / che cantarei os arrorrós da tarde / na que un sorriso teu me daba a vida.* (p.15) Sin embargo sabe que no puede, que no debe, prolongar aquella situación y se sustrae *a o vicio / de prolongar o tempo de gardarte.* (p.17) Reconoce que su deber es dejar soltarse los lazos, y cumple con él a pesar del dolor que esto le produce: *Eu tento que os meus brazos xa non sexan / como o vello cordón que nos unía.* (p.16)

El yo lírico nos habla desde el final del camino, desde la falta de esperanza y la resignación a la pérdida de sus sueños: *Eu vou cara a non ser o que quería* (p.16) Su principal papel en la vida, el papel de madre, ya está cumplido. A continuación viene el vacío: *E eu que xa morréi, que está acabado / o tempo de cartón no que eras miña.* (p.45) La separación espiritual de la hija, una vez rotos los lazos, es lo que más dolor causa: *O malo non é ver que somos díus / o peor é que xuntas descubrimos / que xa os nosos camiños son distintos.* (p.16)

Éste es un libro de aprendizaje. Los escollos que aparecen en toda relación entre padre e hijo, María Goretti